

Carta da Paz dirixida à O.N.U.

Amigos,

A maioría das persoas desexan no máis profundo do seu ser, a paz. Sen embargo, son patentes as tráxicas e continuas quebras da paz entre os distintos pobos do mundo. Non é fácil a tarefa de buscar solucións adecuadas para alcanzala. Moitos son os obstáculos.

Esta Carta desexa indicar algúns principios que poidan axudar a superar estes obstáculos e, ó mesmo tempo, ofrecer uns fundamentos sobre os que construír máis solidamente a paz.

I.- Os contemporáneos non temos ningunha culpa dos males acontecidos na Historia, pola sinxela razón de que non existiamos.

II.- ¿Por que, pois, temos que ter e alimentar resentimentos uns contra os outros se non temos ningunha responsabilidade do acontecido na Historia.

III.- Eliminados estes absurdos resentimentos, ¿por que non ser amigos e así poder traballar xuntos para construír un mundo máis solidario e gratificante para os nosos fillos e para nós mesmos.

IV.- Non podemos volve-la Historia cara atrás, nin cambiala. E, vemos, tamén, que, se a Historia fora distinta -mellor ou peor- o futuro sería diferente. Produciríanse ó longo dos tempos outros encontros, outros enlaces; nacerían outras persoas, nós non. Ningún dos que hoxe existimos, existiríamos. Isto non quere dicir en absoluto que os males desencadeados polos nosos antepasados non foran realmente males. Censurámoslos e repudiamoslos e non os queremos repetir.

V.- Os seres humanos, polo mero feito de existir, temos unha relación fundamental: ser irmáns na existencia. Se non existíramos, non poderíamos ser irmáns consanguíneos de ninguén. Entender esa fraternidade na existencia, faranos máis facilmente solidarios ó abrírnos á sociedade.

VI.- O organizar na actualidade as novas estruturas sociais que consideranse oportunas para construír unha sociedade máis firme e en paz, é peligroso, moitas veces, pretender basa-las sobre outras estruturas antigas, anque no seu momento viranas axeitadas. É máis sólido fundamenta-las novas estruturas sobre unidades xeográficas humanas. Sen embargo, evitando o risco de que se pecharan en si mesmas, xa que desembocaría en desavenencias de calquera índole e ata en guerras.

VII.- O ser humano é libre, intelixente e capaz de amar. O amor non se pode obrigar nin impor: tampouco pode existir a cegas senón con lucidez. Surxe libre e sabiamente ou non é auténtico. Sempre que coartemos a liberdade dalguen, impediremos que esta persoa poida amarnos. Polo tanto, defender, favorecer, desenvolver a xenuina liberdade das persoas, é propiciar o aprecio cordial entre as persoas e así poder construír mellor a paz.

VIII.- Os representantes actuais das institucións que perduraron na Historia, non son responsables do sucedido no pasado, pois eles non existían. Sen embargo, para favorece-la

paz, eses representantes deben lamentar públicamente, cando sexa prudente, os males e inxusticias que se cometeron por parte desas institucións ó longo da Historia. Así mesmo, teñen que resarcir no posible, institucionalmente, os danos ocasionados.

IX.- Os proxenitores son reponsables de teren dáda-la existencia a outros seres. Polo tanto, coa colaboración solidaria da sociedade, teñen que proporcionar ata a morte dos seus fillos (en especial dos diminuídos mentais), os medios e apoios suficientes -principalmente deixarlles en herdanza un mundo máis en paz- para que estos desenrolen a súa vida con dignidade humana, xa que non pediron existir.

Por outra parte, os xovenes teñen dereito a seren motivados e entusiasmados na alegría de existir, polo exemplo dos seus pais, familia e sociedade. Igualmente para traballar aprofundando nas técnicas e ciencias, co fin de conseguir un mundo máis en paz. Así mesmo, é evidente que non se poderá construí-la paz no seo da sociedade e incluso dentro das familias, exista desprezo hacia máis da metade dos seus integrantes: mulleres, nenos, vellos e grupos marxinados. Pola contra, favorecerá chega-la paz ó pleno recoñecemento e respecto da dignidade e dereitos de todos eles.

X.- Un gran número de países recoñecen xa na actualidade que todos temos o dereito a pensar, expresarnos e agruparnos libremente, respetando sempre os dereitos dos demais. Pero ó mesmo tempo, cada ser humano ten dereito a viví-la súa vida neste mundo de modo coherente con aquilo que pensa.

As democracias, pois, teñen que daren un salto para defender e propiciar, tamén, que toda persoa poida vivir de acordo coa súa conciencia sen atentar nunca, por suposto, á liberdade de ninguén nin provocar danos ós demais nin a un mesmo.

Sen resentimentos, desde a liberdade e a amizade, pode construírse a paz.

Gracias, amigos, amigas.....

Posdata:

E tarefa dos gobernantes concentrar as súas miras ó ben dos contemporáneos, pois xa existen e ten dereito a viví-la vida con dignidade humana, sen que o ben dos presentes hipoteque o equilibrio ecolóxico do futuro.

Se nunha nación, gracias ós seus políticos, van ben as relacións entre os seus cidadáns actuais transcurrirán dunha maneira máis suave e gratificante, e irán nacemento uns fillos, que se alegrarán que o país vaia progresando, porque gracias a iso daranse as condicións para os encontros dos adultos que posibilitaron o existir deses fillos. Sen embargo, se algunhas nacións están peor gobernadas, as relacións interpersoais dos adultos que agora viven desenrolarán con máis dificultades, dísto outros encontros, outras relacións etc. Os que naceron nestas circunstancias, alegráronse igualmente de que as cousas fosen nos seus países de modo menos puxante pois se non, eles precisamente non serían enxendrados. Claro é que estes novos cidadáns terán que esforzarse para mellora-la situación cando sexan maiores.

E evidente, pois, que en calquera país os cidadans do mañá, sexan quen sexan, alegraranse sempre do que os respectivos gobernantes de hoxe fixeran -mellor ou peor- xa que, gracias a iso, eles existen. Polo tanto, o ben dos contemporáneos é o obxectivo máis importante dos gobernantes.

1995 © UNIVERSITAS ALBERTIANA